

26-09-02



---

## PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS COS MEDIOS INFORMATIVOS

---

As enfermidades máis prevalentes son as cardiovasculares, o cancro e as lesións por accidentes ou violencia

### O NOVO PLAN DE SAÚDE DE GALICIA DEFINE OS PRINCIPAIS OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN SANITARIA NO PRÓXIMO CUADRIENIO

Neste novo plan especificase por primeira vez, entre os 16 problemas de saúde de maior relevancia, aqueles que afectan as persoas maiores

---

O novo Plan de Saúde de Galicia, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, define para este cuatrienio as principais liñas de actuación que caracterizarán as políticas e os programas da sanidade galega, co fin de mellora-lo nivel de saúde das persoas. Este plan –elaborado como marco xenérico a partir do que se definirán programas de saúde específicos- apunta as enfermidades e problemas sobre as que se debe actuar de forma prioritaria, co fin de acadar máis altos niveis de eficiencia, calidade e rendibilidade social. En concreto, prestarase unha especial atención ás doenzas cardiovasculares, ó cancro e ás lesións producidas por accidentes e violencia.

Entre as principais novidades na elaboración deste plan de saúde cómpre destacar unha maior participación no seu deseño por parte dos cidadáns e de expertos que planifican e toman decisións no ámbito clínico, permitindo achegarse con maior fidelidade á realidade sanitaria. Para a recollida de información sobre os principais problemas de saúde empregáronse dous novos métodos. Trátase dos grupos de discusión –integrados por 95 profesionais de recoñecido prestixio da sanidade galega- e unha enquisa de saúde –realizada en 2002-, que complementan os indicadores de saúde habituais.

O Plan de Saúde de Galicia determina os obxectivos básicos da política sanitaria de cara a mellora-lo nivel de saúde, e priorízaos en función da súa posibilidade de prevención, do número de persoas afectadas polo problema ou que poden chegar a estalo, a prevalencia de mortes prematuras, a súa severidade, o interese público e os patróns económicos da Comunidade. Así mesmo, recolle o conxunto de accións que se deberán levar a cabo para atallar estas doenzas, mediante prestacións e coidados asistenciais. Con posterioridade á aprobación do Plan de Saúde elaboraranse programas de saúde concretos en cada ámbito, tanto a través do plan estratéxico do Sergas como dos programas de saúde pública.



## PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS COS MEDIOS INFORMATIVOS

### DOENZAS PRIORITARIAS

Segundo se recolle no texto do Plan de Saúde de Galicia aprobado hoxe, considéranse de atención prioritaria as seguintes enfermidades e problemas: enfermidades cardiovasculares; cancro; lesións producidas por accidentes e violencia; tuberculose respiratoria; enfermidades do aparello dixestivo; consumo de drogas e drogodependencia; infección por VIH-SIDA; enfermidades de transmisión sexual; enfermidades inmunoprevibles; problemas de saúde mental; problemas da saúde bucodental; enfermidades do aparello locomotor e do tecido conectivo; enfermidades endocrinolóxicas e diabete; seguridade alimentaria e sanidade ambiental; problemas de saúde derivados da maternidade, infancia e menopausa; e problemas de saúde das persoas maiores.

Cómpre destacar que o plan deseñado para o próximo cuatrienio inclúe por primeira vez os problemas de saúde das persoas maiores como un dos obxectivos específicos considerados prioritarios.

### OBXECTIVOS

No que se refire ás enfermidades cardiovasculares, o plan sinala como principais obxectivos informa-la poboación de cómo previ-los factores de risco e sobre os síntomas de alarma; realizar un correcto diagnóstico e tratamento da hipertensión e da diabete; mellora-lo tratamento dos doentes con síndrome coronaria aguda, ictus ou arritmias; optimiza-los recursos humanos e tecnolóxicos; e estimula-lo desenvolvemento da investigación cardiovascular en Galicia.

No que se refire ó cancro, tentará manterse a tendencia decrecente da mortalidade por cancro de esófago; rompe-la tendencia ascendente na mortalidade por cancro de colon, recto, mama, próstata e, especialmente, pulmón; mante-lo descenso da mortalidade infantil causada por tumores; e mellora-la calidade de vida dos enfermos oncolóxicos como consecuencia da mellora nos tratamentos activos e nos coidados paliativos. Así mesmo, márcase o obxectivo de reduci-la mortalidade por cancro de mama nas mulleres de 50 a 64 anos da Comunidade nunha porcentaxe do 25 por cento ós sete anos da implantación completa do programa de detección precoz do cancro de mama. Ademais, deberá aumenta-la supervivencia dos afectados por neoplasias gracias á mellora dos métodos diagnósticos e da constante evolución das intervencións terapéuticas.



## PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS COS MEDIOS INFORMATIVOS

No punto sobre as lesións producidas por accidentes e violencia inclúense os accidentes de tráfico, os accidentes laborais, os suicidios, a violencia, e os accidentes domésticos e de ocio. Os obxectivos xerais previstos neste sentido son diminuí-la taxa de mortalidade global por causas externas, mellora-lo labor de prevención, potencia-los mecanismos de control do cumprimento da normativa vixente e mellora-lo rexistro e estudo das causas de sinistrabilidade.

Os obxectivos fixados para a tuberculose respiratoria refrense á mellora do diagnóstico microbiolóxico, ó labor asistencial, á idoneidade dos ingresos hospitalarios, á prevención en grupos de risco e á mellora do rexistro galego de tuberculose.

As liñas de actuación previstas para as enfermidades do aparello dixestivo teñen como obxectivos diminuí-la mortalidade por cirrose hepática; controla-la incidencia e prevalencia da hepatite; diminuí-la morbilidade de hemorraxia dixestiva asociada á utilización de antiinflamatorios e analxésicos; promove-la realización de accións formativas e de sensibilización sobre o exceso de consumo de alcohol; promove-la detección temperá do consumo abusivo de alcohol; e incentiva-la elaboración de protocolos consensuados que reduzan ó mínimo a variabilidade da práctica clínica nas principais patoloxías dixestivas.

## CONSUMO DE DROGAS

En canto ó consumo de drogas e drogodependencias, preténdese que no próximo cuatrienio se reduza nun 5 por cento o consumo diario de tabaco -especialmente nas idades máis novas e mulleres-, o consumo abusivo de bebidas alcohólicas -un 10% nos máis novos-, e a cantidade media de alcohol inxerido -un 10% as fins de semana-. A idade de inicio no consumo de tabaco e alcohol atrasaríase polo menos en 0,5 anos; e a de inicio no consumo das distintas drogas atrasaríase, polo menos, en 0,5 anos. En 2005 o consumo de cannabis deberá reducirse por debaixo do 5%; o de heroína deberá situarse por debaixo do 0,5 por cento; e o policonsumo de drogas situarase por debaixo do 9%.

Así mesmo, preténdese que en 2005 tódolos centros de tratamento das drogodependencias desenvolvan programas de prevención de riscos e redución de danos, en coordinación cos centros de saúde e de atención especializada do Sergas; e que tódolos centros de saúde estean en condicións de ofrecer consello sanitario respecto das medidas preventivas para diminuí-lo consumo de tabaco, o abuso de bebidas alcohólicas e as enfermidades asociadas ó consumo de drogas.



## PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS COS MEDIOS INFORMATIVOS

### SIDA E ENFERMIDADES DE TRANSMISIÓN SEXUAL

No ámbito das infeccións por VIH-SIDA, os obxectivos marcados apuntan a promove-las políticas de saúde pública, mellora-la atención sanitaria e social ós doentes, establecer mecanismos de coordinación entre os distintos niveis asistenciais e mellora-la formación en VIH-SIDA en tódolos niveis asistenciais. Doutra banda, promoverase a creación e o seguimento do programa sobre enfermidades de transmisión sexual; buscarase a dispoñibilidade de datos epidemiolóxicos reais; crearanse unidades multidisciplinares para abordar estas doenzas; e fomentarse a formación e prevención neste sentido.

No que se refire ás enfermidades inmunoprevibles, o plan fixa como grandes obxectivos aumentar e mante-las coberturas de vacinación sistemática de calendario e incrementa-la cobertura de vacinacións en ámbitos suburbano-marxinais e as dos traballadores de centros sanitarios e sociais. Garantirase tamén a óptima seguridade das vacinas e mellorarase a captación e vacinación de persoas en situacións clínicas de alto risco.

### SAÚDE MENTAL

O Plan de Saúde presenta tamén a necesidade de facilita-lo acceso a toda a poboación ós servicios de saúde mental, garantindo unha distribución equitativa dos recursos por áreas xeográficas. Fomentarse a prevención, a investigación epidemiolóxica, unha maior integración dos servicios de saúde mental na atención especializada e unha mellor coordinación coa atención primaria. Mellorarase tamén a asistencia sanitaria e a formación dos profesionais.

En saúde bucodental promoverase a información á poboación, a prevención e a formación dos profesionais, e ampliarase a cobertura sanitaria. Entre os obxectivos marcados figura tamén unha maior integración da área bucodental na atención primaria e maior coordinación entre os profesionais da saúde bucodental. No relativo ás enfermidades do aparello locomotor, preténdese atrasa-la idade de aparición de secuelas como consecuencia da patoloxía osteoauricular, mellora-la súa detección e tratamento, e a calidade de vida dos pacientes con afeccións no aparello locomotor.

### ENFERMIDADES ENDOCRINOLÓXICAS

Doutra banda, fomentarse a prevención e asistencia da diabete e das enfermidades endocrinolóxicas –como a obesidade, a patoloxía tiroidea ou as hiperlipemias–, e fomentarse a investigación epidemiolóxica. Así mesmo, o obxectivo xeral respecto á seguridade alimentaria e á seguridade ambiental é diminuí-



## PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS COS MEDIOS INFORMATIVOS

-la exposición da poboación a determinados axentes físicos, químicos e biolóxicos, reducindo así o risco de padecer certas patoloxías asociadas a factores ambientais ós que está exposta a poboación galega -como os que se atopan na auga de consumo, no aire e nos alimentos-.

### MATERNIDADE

O Plan de Saúde aprobado hoxe presta tamén especial atención ós problemas de saúde derivados da maternidade, a infancia e a menopausa, marcando os obxectivos precisos para mellora-lo nivel de saúde nestes ámbitos. Entre outras medidas, impulsárase a detección precoz dos problemas de saúde na etapa infantil e fomentárase a lactación materna. Aumentárase a oferta efectiva asistencial de información e seguimento da anticoncepción, garantírase a equidade no acceso á información, seguimento e utilización do método anticonceptivo máis axeitado ás circunstancias individuais das mulleres pertencentes a grupos de risco e a grupos de idade vulnerables, procurárase a equidade no acceso á realización das interrupcións voluntarias do embarazo, e evitárase que a interrupción voluntaria do embarazo se converta nun procedemento sistemático de control anticonceptivo.

### SAÚDE DAS PERSOAS MAIORES

Por último, o plan aborda os obxectivos respecto dos problemas de saúde das persoas maiores. Neste sentido, recolle a necesidade de que as actividades de promoción da saúde nas persoas maiores se centren en previ-las enfermidades e atrasa-la dependencia cunha mellor rehabilitación e fomentando o envellecemento activo. Buscárase a mellora dos recursos e da atención ós maiores dependentes, especialmente nos cuidados continuados e promovendo a atención a domicilio. Avaliárase tamén as consecuencias nos maiores da mala nutrición, o consumo de tabaco e alcohol, e o abuso da medicación. Promoverárase tamén a dotación de cuidadores para aqueles maiores que queiran envellecer na casa.